

**BASES PARA A SELECCIÓN DO ALUMNADO-TRABALLADOR
DO OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO
“CULLEREDO ACTIVO II”**

Estas bases teñen como finalidade regular o procedemento de selección do alumnado-traballador do Obradoiro dual de emprego “CULLEREDO ACTIVO II”, de conformidade co previsto nos artigos do 10 ao 14 da Orde do 21 de abril de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2023, e nas Instrucións do 14/06/2023, ditadas pola Dirección Xeral de Formación para o emprego e orientación, no tocante ao procedemento de selección do persoal, directivo, docente e de apoio así como do alumnado-traballador dos obradoiros duais de emprego.

Os obradoiros duais de emprego configúranse como programas mixtos de emprego e formación que teñen por finalidade mellorar a ocupabilidade das persoas desempregadas de dezaioito ou máis anos de idade, mediante a realización de obras ou prestación de servizos de interese xeral e social que posibiliten ao alumnado participante a realización dun traballo efectivo que, xunto coa formación profesional para o emprego recibida, relacionada directamente co devandito traballo, procure a súa cualificación profesional e favoreza a súa posterior inserción laboral no mercado de traballo.

O Obradoiro dual de emprego “**CULLEREDO ACTIVO II**” é promovido polo Concello de Culleredo e o Concello da Coruña. As especialidades a impartir son as seguintes.

Especialidade formativa/ núm. alumnos/as	Operacións básicas de revestimentos lixeiros e técnico en construción (EOCJ0311) 10 alumnos/as
Especialidade formativa/ núm. alumnos/as	Traballos de carpintería e moble (MAMD0209) 10 alumnos/as

A finalidade do Obradoiro Dual de Emprego denominado “**CULLEREDO ACTIVO II**”, é realizar melloras nos obradoiros do Centro Municipal de Formación e Emprego “Pablo Picasso”.

O obradoiro terá unha duración de 12 meses e formará a 20 alumnos/as traballadores/as. As persoas traballadoras serán contratadas, baixo a modalidade de contrato de traballo para a formación e aprendizaxe e percibirán as retribucións que lles correspondan de conformidade co previsto na normativa vixente.

Atendendo ó establecido na cláusula segunda do convenio de colaboración suscrito entre o Concello da Coruña e o Concello de Culleredo para a realización deste programa, participará alumnado de ámbolos dous concellos, seleccionándose 14 alumnos/as do Concello de Culleredo, e 6 alumnos/as do Concello da Coruña.

Contratarase ao seguinte persoal para o programa de emprego:

POSTO	XORNADA
1 Director/a	Completa
1 Docente especialidade Operacións básicas de revestimentos lixeiros e técnico en construcción (EOCJ0311)	Completa
1 Docente especialidade: Traballos de carpintería e moble (MAMD0209)	Completa
1 Titor/a	Ao 80% da xornada
1 Auxiliar administrativo/a	Ao 75% da xornada

O presente proxecto terá como data prevista para o seu inicio o **6/11/2023**.

En vista da normativa exposta propónse un sistema de selección que se fundamenta no seguinte procedemento:

Constitución dun grupo de traballo ou comisión de selección

O grupo de traballo ou comisión de selección estará formado por tres persoas, dúas representantes do Concello de Culleredo, unha delas ostentará a presidencia, e unha persoa representante do Concello da Coruña.

Como asesores/as especializados/as na área de formación e emprego, e como apoio e asesoramento técnico, poderán actuar dúas persoas, unha en representación do Concello de Culleredo, e outra en representación do Concello da Coruña.

Ningunha persoa interesada en formar parte do persoal do programa de emprego poderá formar parte do grupo de traballo, nin auxiliar ao mesmo nas tarefas de selección.

O grupo de traballo considerarase válidamente constituído coa participación nas sesións de traballo de, polo menos, dous dos seus compoñentes, tendo a persoa que ostente a presidencia, para os supostos de empate nas votacións, voto de calidade.

O grupo tamén resolverá por maioría de votos dos/as seus membros, todas as dúbidas que surxan na aplicación e interpretación das normas contidas nas presentes bases.

As persoas que representen tanto ao Concello de Culleredo como ao Concello da Coruña poderán nomear a quen estimen oportuno para, en caso de necesidade, substituír a calquera dos/as membros citados que represente a cada un dos concellos.

O grupo de traballo actuará sempre de acordo os principios de publicidade, concurrencia, obxectividade, transparencia, eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Administración, eficiencia nas asignación e utilización dos recursos públicos, igualdade e non discriminación.

A este grupo de traballo, corresponderalle realizar tódalas actuacións encamiñadas á selección dos/as aspirantes a ocupar as prazas obxecto da convocatoria así como aquelas outras que, de conformidade coa normativa aplicable, teñan atribuídas.

Requisitos dos/as aspirantes

As persoas participantes no proceso selectivo, deberán cumprir os seguintes requisitos:

- 1.- Persoas desempregadas, entendéndose nesta situación persoas demandantes de emprego rexistradas no Servizo Público de Emprego de Galicia, que carezan de ocupación remunerada e estean dispoñibles para o emprego, empadroados no Concello de Culleredo e no Concello da Coruña.
- 2.- Ter 18 ou máis anos, e que non superen a idade máxima que establece a normativa vixente no momento da selección do alumnado.
- 3.- Os/as candidatos terán que cumprir así mesmo os requisitos establecidos na normativa reguladora do contrato para a formación e aprendizaxe, co obxecto de ter vinculación mediante un contrato de tales características ao programa de emprego, dende a súa incorporación ao proxecto, en aplicación do previsto no artigo 13 da Orde do 21 de febreiro de 2022 da Consellería de Emprego e Igualdade.
- 4.- Como a formación a impartir no proxecto vai dirixida á obtención de certificados de profesionalidade de nivel 1, os/as candidatos/as terán que cumprir cos requisitos de acceso sinalados nos reais decretos que regulan os ditos certificados.

Procedemento de selección

O procedemento de selección consistirá na tramitación previa de oferta de emprego á oficina de emprego Coruña-Monelos, e a aplicación dun baremo de selección que se incorpora como anexo destas bases.

Oferta de emprego

Unha vez constituído o grupo de traballo, e aprobados os criterios de selección do alumnado-traballador que van a participar no programa de emprego, tramitarase a oferta tipo T á oficina de emprego Coruña Monelos, establecéndose como parámetros da sondaxe os seguintes:

Operacións básicas de revestimentos lixeiros e técnico en construción (EOCJ0311)

- a) **Ámbito territorial:** Concello de Culleredo e Concello da Coruña
- b) **Prazas:** 10
- c) **Códigos:** **Operacións básicas de revestimentos lixeiros e técnico en construción (EOCJ0311)**
- d) **Idade:** Ter 18 ou máis anos e que non superen a idade máxima que establece a normativa vixente no momento da selección do alumnado.
- e) **Nº de candidatos/as a remitir:** na medida do posible **4** por posto
- f) **Requisitos de formación:** Cumprir os requisitos para poder celebrar un contrato para a

formación durante toda a duración do proxecto e cumprir cos requisitos de acceso a un nivel 1 de certificado de profesionalidade.

Traballos de carpintería e moble (MAMD0209)

- a) Ámbito territorial: Concello de Culleredo e Concello da Coruña
- b) Prazas: 10
- c) Códigos: **Traballos de carpintería e moble (MAMD0209)**
- d) Idade: Ter 18 ou máis anos e que non superen a idade máxima que estableza a normativa vixente no momento da selección do alumnado.
- e) Nº de candidatas/as a remitir: na medida do posible **4** por posto
- f) Requisitos de formación: Cumprir os requisitos para poder celebrar un contrato para a formación durante toda a duración do proxecto e cumprir cos requisitos de acceso a un nivel 1 de certificado de profesionalidade.

A sondaxe realizarase entre as persoas demandantes con algunha das claves seguintes: 320, 330, 340 ou 370 a partir dos 18 anos.

Entrevista persoal e criterios preferentes de selección: Baremo

Nos criterios de selección do alumnado-traballador procurarase a maior adaptación das persoas que se van a seleccionar ás especialidades e as particulares circunstancias de dificultade destas.

O grupo de traballo mixto levará a cabo a selección dos 20 alumnos/as e a súa distribución por especialidades en primeiro lugar a través dunha entrevista persoal, na data que fixe o grupo de traballo, na que as persoas candidatas manifestarán ás súas aptitudes e capacidades tanto as de carácter xeral como as relativas á súa adecuación ás singularidades do proxecto formativo, o seu desexo de renuncia ou as súas preferencias polas distintas especialidades do programa de emprego.

Rematada esta fase, publicaránse as puntuacións obtidas no mesmo local onde tivo lugar a entrevista e na páxina web do Concello de Culleredo e do Concello da Coruña.

En segundo lugar, o grupo de traballo baremará os/as candidatos/as aplicando criterios obxectivos que figuran no artigo 11º da Orde do 21 de abril de 2023, (DOG nº 85 do 4 de maio de 2023) e segundo baremo que se xunta (Anexo I), avaliando as circunstancias persoais dos/as candidatos/as remitidas pola oficina de emprego.

O grupo de traballo poderá solicitar unha autorización por escrito aos alumn@s traballador@s para poder proceder á verificación daqueles datos que considere preciso en función da documentación requirida para acceder ao programa.

O grupo de traballo, efectuará a selección definitiva, redactará as correspondentes actas e as remitirá á xefatura territorial (sección de programas mixtos), acompañada da relación de admitidos/as e excluídos/as indicando a puntuación total e as especialidades formativas ás que son adscritos/as.

Listaxe de reserva

O grupo de traballo mixto, coa finalidade de suplir as posibles baixas das persoas seleccionadas como alumnado-traballador, elaborará unha listaxe de reserva que estará integrada polos/as candidatos/as que, non sendo seleccionados/as, obtiveran as maiores puntuacións.

Incidencias e reclamacións

De conformidade co establecido no artigo 14 da Orde do 21 de abril de 2023 da Consellería de

Emprego e Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da comunidade Autónoma de Galicia, e se procede a súa convocatoria para o ano 2023, non é aplicable a este proceso selectivo a normativa establecida para os procedementos de selección de persoal das distintas administracións públicas mesmo cando as entidades promotoras sexan un organismo público.

As incidencias e reclamacións que se susciten no proceso de selección seguido, presentaranse ante o grupo de traballo no prazo de 2 días naturais a contar dende o día da exposición das listaxes de admitidos/as e reservas, e serán resoltas polo grupo de traballo.

Publicacións e/ou notificacións

As presentes bases serán expostas ao público nos taboleiros de anuncios da oficina de emprego que tramite a oferta de emprego, así como nos taboleiros de anuncios e na páxina web do Concello de Culleredo e do Concello da Coruña.

O grupo mixto de traballo acordará a publicación dos resultados, e tamén a publicación ou notificación, no seu caso, dos demais actos de trámite que poidan afectar aos intereses dos candidatos/as de acordo sempre co disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e demais normativa aplicable.

En Culleredo, na data da sinatura dixital.

Polo Concello de Culleredo

Polo Concello da Coruña

ANEXO I: BAREMO PARA A SELECCIÓN DO ALUMNADO-TRABALLADOR PARTICIPANTE NO OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO
“CULLEREDO ACTIVO”

As persoas candidatas remitidas pola oficina de emprego, deberán cumprir os requisitos mínimos previstos na Orde da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade da Orde do 21 de abril de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2023 , e serán avaliadas mediante a aplicación do seguinte baremo de acordo co previsto no artigo 11.

CRITERIOS		PUNTOS
Mulleres en xeral		1
Mulleres beneficiarias do programa de fomento da inserción laboral das mulleres vítimas de violencia de xénero (presentarase acreditación)		2
Discapacidade (-->33%, sempre que lle permita realizar os traballos con prácticas a desenvolver con ocasión da participación no Obradoiro; aportarse certificado de discapacidade)		1
Pertenza a colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social (acreditado mediante informe dos servizos sociais municipais dos respectivos concellos)		2
Persoas que tiñan prevista a realización deste tipo de medidas no seu Itinerario de Inserción Profesional, IPI (relacionado coas familias profesionais que se van impartir; presentar acreditación)		2
Tempo de desemprego (aportarse vida laboral)	Menos de 12 meses	1
	De 12 a 18 meses	2
	Máis de 18 meses	4
Protección por desemprego (deberase presentar acreditación correspondente en calquera dos tres supostos)	Perceptores de desemprego	1
	Perceptores de subsidios	2
	Non perceptores de ningún tipo de subsidio ou prestación	3
Formación académica (aportarse declaración xurada de que a formación acreditada é a máxima que se posúe)	Ata graduado en ESO	3
	Bacharelato/BUP ou FP Ciclo Medio	2
	Títulos universitarios ou Ciclo Superior	1
Categoría profesional (no traballo inmediatamente anterior segundo vida laboral)	Autónomos	0
	Grupo de cotización do 1 ao 7	0
	Grupo de cotización 8	1
	Grupo de cotización 9	2
	Grupo de cotización 10	3
	Sen emprego anterior	4

Entrevista	Entrevista persoal co obxectivo de avaliar o seu interese en participar no proxecto e as súas aptitudes e capacidades, tanto as de carácter xeral coma as relativas á súa adecuación as singularidades do proxecto formativo.	Máximo de 11 puntos
-------------------	---	---------------------